

Narrativa

Un cuarto baleiro

Daniel Dapía Barral

Non podía ser un home, só un latexante despoxo animal, herdeiro bastardo dunha especie extinta; o seu desprezable fin. O home rabuñou o seu peito nu; talvez a súa pel que tremía pelo frío fose plástico reciclado dun computador obsoleto, viciado e sen memoria, e todo el unha mala versión non aprobada dun androide *Enedd*.

Espertou ao escoitar a unha muller chorando no cuarto do lado, laiándose con saloucos envelenados pola noite sen sono que parecían azoutar a súa memoria nunha dolorosa confesión a media voz. Sentiuna bater na parede que separaba os dous cuartos e espertou dubidando da certeza da noite.

—Señor, señor, segues con vida? —preguntou a muller—. Non te sinto respirar e sei que estás preto, trala parede. Non me atrevo a preguntar se estás vivo. Só podoo ouvir estas palabras a correr coma animais salvaxes no interior do meu cranio: home, vida, silencio. Dime que estás vivo. Déixame escoitarte para non ouvirme durante un intre.

—Non sei quen es —respondeu o home con malhumor.

—O meu nome é o nome dunha flor que só vi en fotografías. As flores crecían na terra queimada na que hoxe están enterrados os nosos mortos.

O home ergueuse da cama ao ver reflectidas nas fiestras do edificio de en fronte as luces dos *Seon*, os visores da policía que percorrían as rúas examinando o interior das vivendas. Os frecuentes suicidios de suxeitos produtivos obrigaron ao Consello a reforzar as medidas de supervisión e censura das actividades dos cidadáns, promulgándose castigos para os que

de calquera xeito ameazasen a seguridade e o plan de produtividade e consumo establecido polo 3º Goberno do Consello. Os visores, provistos de sensores térmicos, vadiaban as rúas cada noite coma cans sen dono.

—O silencio rompeuse. Non estamos sós, outra vez. Agora sei que non te coñezo. Xa-mais escoitei a túa voz.

—Cala. Estamos outra vez en silencio. Queren isto para nós. Déixame durmir, teño que espertar en canto amenza para ir ao traballo.

O home tapou os ouvidos coas mans para non escoitar a muller do lado. O que mais desexaba naquel intre era berrar coma un animal até ficar sen alento e esquecer. Poder esquecerlo todo.

—Onde estamos a vivir? Unha cama tras outra cama tras outra cama e xente igual a nós a morrer nelas en silencio. O corazón afogándonos. Non teño mans, non teño ollos, non teño peito, non teño ventre. Devoráronos.

—Estúpida! —rosmou o home.

O reprodutor hologramático continuaba acendido. Na versión do *Sexus II* da que dispuña podía escoller unha muller entre diversos parámetros de idade, raza e características físicas á que pedirlle unha ampla gama de xogos sexuais excluindo o contacto. O home prendíao cada noite para finxir ter compañía e poder conversar con alguén. Fronte a el, esvaecida coma unha vaga lembranza, unha rapaza loura de faccións caucásicas quitábase a roupa unha e outra vez movendo os beizos sen que puidese escoitar nada dela, só o murmuro mecánico do reprodutor co que se durmía cada noite fitando sen pracer na rapaza que ría sen ruído ao pé da cama.

Apagou o programa *Sexus II* e ficou ás escuras escoitando o silencio da rúa. Tras de si, afogado, o salouco da muller do cuarto do lado parecía o inútil esforzo dun insecto por mudar noutra cousa, un verme que non podendo escarvar mais na súa propia dor soña con converterse en bolboreta para saír voando lonxe da memoria e da súa presenza.

—En que pensas cando espertas? Escóitote camiñar polo cuarto tirando coas cousas.

—Non tiro nada. As cousas caen ao tropezar con elas, sen saber a onde ir.

—Escóitote chorar.

—Non choro!

—Polas noites choro e escóitote chorar.

—Choro para tentar durmir, só por iso. Penso que así o fan os nenos. Non choro porque estea triste. Choro para non pensar.

—En que pensas cando queres deixar de pensar?

O home acendeu o programa de reprodución. Procurou entre os contidos dixitais arquivados un vídeo do seu avó, sendo un neno, pescando no río que percorría a aldea na que vivira a súa familia até a terceira guerra mundial, primeira da nova orde. Non coñeceu o seu avó, só lle entregaran pequenos vídeos borrosos e unhas poucas fotografías entre as pertenzas do seu pai cando lle comunicaron a súa morte no colexio para desprazados. Ese era o seu pasado: un disco duro con fotografías e vídeos familiares gravados con teléfonos móbiles antigos. Hai anos viaxou ao lugar onde estivo a aldea e só había un páramo negro e queimado. A canle do río, pese a choiva que caía cunha mansedume graxenta, era un leito de pedras escuras e oleosas onde quedarán esculpados coma esqueletos os restos de ramas podres das árbores devastadas da ribeira.

—Esperto e teño dúbidas. Durante o día compórtome coma os demais; ao lonxe, se puidese verme camiñando ao traballo, non podería diferenciarme de calquera outro co uniforme da fábrica. Iso é o que penso. Falamos de calquera cousa sen deixar de camiñar; calquera cousa sen importancia coa que practicar a nova linguaxe *Ceof*, e somos capaces de rir até calar avergoñados cando un de nós se equivoca. É agradábel sentir o riso a nacer no peito e queimar na gorxa, até morrer, en silencio. Os demais fitan para nós recriminando que riamos. Nós tamén o facemos con eles, ofendidos

cando os escoitamos rir. Ninguén quere problemas cos supervisores. Teñen razón. É máis agradábel camiñar en silencio, pensando tan só nos pequenos pasos que nos empurran cara ao traballo onde con estas mans pequenas e febles somos capaces de crear cousas tan importantes para o Consello, anacos de máquinas enormes que xamais poderemos ver. Traballar e comer e vivir pensando tan só no que estás facendo, en non trabucarte, en aproveitar o tempo do que dispós para a túa tarefa é agradábel e cómodo. Traballar até o cansazo e despois durmir sen sentir nada mais, até que entón esperto e teño dúbidas e xa non consigo durmir e agardo a que chegue o amencer para volver ao traballo onde todo é seguro. Creo que es ti quen me esperta. Sinto as túas mans a través da parede, tamén a túa calor. Escóitote chorar, rabuñarte, berrar coa voz calada por temor a ouvirte e esperto por medo a que sexa eu quen chore, a que esquecese deixar de chorar querendo ter o sono plácido dun neno.

—Es un mentireiro. Espertas e ficas en silencio; érgueste e comezas a camiñar cada vez mais rápido até que tropezas e caes ao chan, desesperado ao ver como pasa o tempo, e acendes o *Sexus II* e mastúrbaste vendo algunha muller do programa até chorar co seme a escorrer pola man, sentindo que non tes nada en ti agás o baleiro. Choras porque no silencio do cuarto non podes facer outra cousa que pensar e bater coa cabeza na parede.

—Que podo facer? Que crees que fan os outros? Todos están cansos de camiño ao traballo, sen durmir, desexando chegar á fábrica para esmorecer e regresar despois a casa e caer na cama e durmir sen sentir nada, sen sono, igual que os mortos, mais vive no meu cerebro o pensamento, semellante a un lóstrego, e teño medo de que o descubran antes de que consiga afogalo.

—Choras porque es un home!

Unha sombra amarelenta esmagou a roupa de traballo tirada no chan. Os visores da policía parecían ollos flotantes e sen vida coma os dun cabalo morto. Un destello dixital no interior do visor advertía do minucioso rexistro que estaban a facer do seu cuarto. Acendeu a luz. Só había roupa engurrada e un libro electrónico na mesiña de noite cargado coa gramática e a historia promulgada polo Consello na que se eludía o pasado converténdoo en falsa mitoloxía. Repetiu en alto as últimas palabra que aprendera en idioma *Ceof*: *Exter*, *Nada*; *Fello*,

Soño; *Eleno*, Humán; *Morell*, Desexo; e ollou para o reloxo antes de pechar os ollos sabendo que xa non lle quedaba tempo para durmir.

Soaron as alarmas na rúa. Sen a gradación do amencer, centos de soles artificiais iluminaron o Distrito XII. Canso, o home vestiuse

para ir ao traballo. No corredor, ao unirse aos demais homes que en resignado silencio se dirixían coma el á fábrica coa ollada esvarando no chan, abriu a porta do cuarto do lado sen atopar nada no seu interior que fixese pensar que alí vivise un ser humano.